



En cumprimento do disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a resolución de adxudicación provisional do procedemento negociado sen publicidade para a contratación das Festas do Verán 2.010, adoptado por Resolución desta Alcaldía o 9 de xullo de 2010, co seguinte contido:

-No procedemento negociado sen publicidade que se segue neste Concello para a contratación do Contrato das festas do verán 2.010, convocado por Resolución da Alcaldía de 25 de xuño de 2.010, cualificación da documentación administrativa xeral de 9 de xullo de 2.010 e apertura de proposicións económicas de data 9 de xullo de 2.010.

-Visto que, segundo consta en Informe da encargada do Rexistro de 7 de xullo de 2.010, foi presentada unha soa oferta por **PRODUCCIONES MUSICALES ANTOLÍN, S.L.**

-Visto que o contido da documentación e a oferta é conforme co sinalado nos Pregos.

-Vista as atribucións previstas no apartado primeiro da disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

RESOLVO:

Primeiro: Adxudicar provisionalmente do “*Contrato das festas do verán 2.010*”, por se-la oferta presentada máis vantaxosa, e axustarse ós Pregos, a **PRODUCCIONES MUSICALES ANTOLÍN, S.L.**, por importe de 59.995 €.

Segundo: Comuníquese esta Resolución ós licitadores, para que nun prazo de 15 días hábiles dende a publicación desta adxudicación provisional no Perfil do Contratante proceda a aportar documentación acreditativa de constituir a garantía definitiva, de conformidade co previsto nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares. O importe da garantía definitiva é do 5% do importe de adxudicación excluído o IVE (2.542,16 €).

A Rúa de Valdeorras, 9 de xullo de 2.010



O ALCALDE